

BARROCO

OBRA: PIEDADE

ESTILO: Barroco

AUTOR: GREGORIO FERNÁNDEZ

COMITENTE: Confraría das Angustias (Valladolid)

CRONOLOXÍA: 1616

MATERIAL: Madeira policromada

LOCALIZACIÓN: Museo Nacional de Escultura (Valladolid)

Medidas: 175 cm altura



PARTICULARIDADES DA ESCULTURA BARROCA EN ESPAÑA

En canto ás características da escultura barroca española hai que recordar que foi un período que coincidiu co chamado *Século de Ouro*. O fervor relixioso tivo un importante peso, xa que a monarquía española era un dos puntais da Contrarreforma, dándolle unha forte personalidade á escultura. Pola contra, os temas profanos e mitolóxicos foron moi raros, con poucos exemplos de escultura civil ou laica. A temática foi fundamentalmente relixiosa ao ser a Igrexa a principal cliente. O clero buscaba levar o relixioso ás rúas, achegando a fe católica ao pobo. Foi a época de esplendor da chamada *imaxinería* (debido ás numerosas imaxes de Cristos, santos e Virxes da escultura da época). Moitas desas figuras formaban parte dos pasos procesionais da Semana Santa, de xeito individual ou en grupos, todas elas pensadas para ser exhibidas publicamente nas principais cerimoniais relixiosas.

Esta manifestación extrema da relixiosidade da época tiña como clientes principais dentro da Igrexa as confrarías e gremios relixiosos, que encargaron numerosas imaxes dos seus patróns, santos, Cristos ou Virxes. Ditas imaxes sitúanse nun altar ou nun retablo, sendo sacadas nas procesións relixiosas, polo que foron pensadas para estar en contacto cos fieis en medio do fervor popular. En Castela, concretamente, os pasos procesionais adoitan a modalidade de grupos de figuras sobre un escenario, mentres que en Andalucía os pasos constan dunha soa “figura de vestir”, funcionando o escenario como complemento escenográfico. Traballouse máis o vulto redondo que o relevo, empregando como material preferente a madeira policromada, conseguindo o maior realismo posible. As figuras traballábanse e logo policromábanse segundo dúas técnicas: o *encarnado* (pintando sobre unha capa de xeso aplicada ás partes visibles da escultura) e o *estofado* (aplicando unha base de láminas de ouro pintada e raspada posteriormente, logrando reflexos nas teas moi luminosos e semellantes a bordados a encaixes de verdade). Os escultores barrocos españois procuraron o máximo realismo para que o fervor do crente fose o máximo posible, dándolle importancia ao efectismo, a expresividade, o naturalismo, o realismo, o patetismo e as xesticulacións para que as figuras resultasen vivas e non frías ou idealizadas. Neste sentido, foi unha escultura cun potente sentido escenográfico e teatral: iluminación dos pasos con velas, imaxes vestidas con teas reais (os seus plegues móvense), postizos (ollos e bágoas de vidro, unllas de asta, pel animal semellante a unha ferida real, pelo humano...). Rostros e mans foron traballados con atención para exaltar os sentimentos das figuras, destacando sobre todo o caso das chamadas *imaxes de vestir* (o escultor

só tallaba con detalle as partes visibles como cabeza, pés e mans, mentres que o resto cóbrense con roupas auténticas). Distínguense dúas escolas escultóricas na España barroca: a castelá (centrada en Valladolid, e caracterizada polo dramatismo, a esaxeración da dor, do patetismo e a emoción), con Gregorio Fernández como figura central; e a escola andaluza (centrada en Sevilla, e máis sosegada, menos dramática, caracterizada por Virxes fermosísimas, Cristos menos sanguentos, buscando emocionar a través dunha beleza idealizada e melancólica), sendo Martínez Montañés o seu máximo representante.

COMENTARIO

O tema representa un dos momentos finais da Paixón, a Piedade. Inicialmente era un paso procesional que constaba de 5 figuras: os dous ladróns, a Virxe, Xesús, San Xoán e María Magdalena. Nela a Virxe recolle no seu colo ao Cristo morto despois de ser desclavado da cruz. Neste momento, segundo os apócrifos, Ela lembraría os momentos nos que, de neno, mantíñalle desta maneira, pechando o ciclo da vida de Jesús e complétase o destino da Virxe iniciado na Anunciación. O tema, de gran forza expresiva, ten unha orixe nórdica durante o final da Idade media que revitalizou Miguel Anxo, sendo fundamental na iconografía pasionaria dos desfiles procesionais de Semana Santa, poren na obra de Fernández ráchase o esquema piramidal e priman as liñas diagonais e a asimetría.

Na obra orixinal do museo de Valladolid, atópase flanqueado polo bo e o mal ladrón, Dimas e Xestas, que achegarían verticalidade ao paso, mentres a mirada da Virxe xa non quedaría no baleiro, senón falando ao bo ladrón, aínda vivo.

O material utilizado é a madeira tallada e posteriormente policromada, coa inclusión de postizos, como ollos de cristal e dentes que aumentan o realismo.

A composición articúlase en forma de pirámide descentrada que leva o centro de interese á man e cara da Virxe e cabeza de Cristo. A súa aparente distorsión é parcialmente contrarrestada por medio da oposición de dúas diagonais de igual lonxitude, cunha tendencia máis horizontal a de Cristo e claramente vertical da Virxe, á que se une unha intermedia desde a súa man ata o brazo de Cristo que sulíña a parte superior da escultura. Con todo iso créase un equilibrio dinámico, típico do primeiro barroco hispano, de bloque bastante pechado e previsto para ser visto desde varios puntos de vista. O modelado é profundo, especialmente nos panos de plegues case cortantes, que envolven o corpo de Cristo ou potencian (ao modo miguelanxelesco) o xeonllo da Virxe ou o xesto da man alzada.

A policromía realízase en tons vivos e saturados nas vestiduras mentres as carnacións son mates, o cal redunda, unha vez máis, na súa verosimilitude.

As figuras teñen un dobre canon, en parte derivado do tema e composición. Mentres o de Cristo é musculoso pero alongado, típico do autor, o da Virxe, envolvido en grandes panos, lembra máis aos modelos de Juni, sendo moito máis curto e ancho para estabilizar así os pesos. Na figura da Virxe atopamos (tanto en man como en rostro) a típica xestualidade teatral do Barroco, aínda que sen esaxeracións, tentándo así manterse nun certo clasicismo. En canto ao dominio da anatomía é evidente no corpo de Cristo morto, mentres os panos responden a modelos flamengos de plegues duros (encartados flamengos), e que en Fernández crean acusados contrastes de luces e sombras, característicos da súa produción de madurez.

Tanto a técnica do espido como o canon alongado ou os panos flamengos responden claramente ao estilo de Gregorio Fernández, principal imaxineiro da escola castelá que se desenvolveu durante todo o Renacemento e Barroco, con sede fundamental en Valladolid.

Partindo dos antecedentes técnicos, estilísticos e temáticos do S.XVI (Juan deJuni, Berruguete) que se afastaron da escultura italiana en materiais clásicos e apostando pola madeira policromada e estofada (aínda que este último aspecto foi desaparecendo gradualmente), Gregorio Fernández convértese na figura de referencia para todo o norte de España, creando un modo propio e distinto do idealismo andaluz

(Martínez Montañés, Alonso Cano, Pedro de Mena), e ao que só se podería comparar (en canto a tensión dramática e expresividade das formas anatómicas) con Juan de Mesa (*Gran Poder*, *Cristo da Boa Morte*).

A súa formación en talleres manieristas será patente durante toda a súa vida na preferencia por canons máis alongados e gusto polas formas *serpentinatas* (*Cristo atado á columna*, *Ecce Homo*). Tamén será patente a influencia que exerceu nel a pintura flamenga do S.XV e a súa forma de expresividade de Van der Weyden a través de xestos e panos crebados.

Gran parte da súa produción virou ao redor da Semana Santa que adquiriu gran importancia tras o Concilio de Trento como unha forma teatral e sensitiva de expandir a mensaxe relixiosa, convertendo á cidade no escenario dunha historia sucesiva da morte de Cristo que se arroupaba con todo tipo de efectos sensoriais (penitentes e nazarenos, flores, iluminación tenebrista a través de grandes filas de velas e farois e candelabros nos pasos). Tamén o seu labor creou novos tipos iconográficos de santos contemporáneos que tiveron gran relevancia no espírito contrarreformista como Santa Tareixa (escribindo, iluminada), San Ignacio (fundador dos xesuítas), así como retablos.